

QUE É SER VOLUNTARIO?

Voluntario é aquela persoa que, por propia elección e por razóns persoais, éticas, morais, ideolóxicas ou doutro tipo, decide dedicar parte do seu tempo, traballo e recursos a unha acción solidaria e altruísta pola cal non percibe ningún tipo de compensación económica pero si unha contraprestación en satisfacción, experiencia e aprendizaxe entre outros valores.

O desenvolvemento do traballo do voluntario no Refuxio de Bando rexerese pola Lei 10/2011, do 28 de novembro, de Acción Voluntaria e polo presente regulamento de funcionamento.


DEREITOS E DEBERES DOS VOLUNTARIOS

Dereitos:

- Recibir a información, orientación e apoio e, no seu caso, medios necesarios para o desenvolvemento das funcións que se lle asignen.
- Ser tratados sen discriminación, respectando a súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
- Colaborar na elaboración, deseño, execución e avaliación dos programas e actividades de acordo ás normas de aplicación.
- Ser asegurados contra riscos de accidente e enfermidade derivados directamente do exercicio da actividade voluntaria, coas características e polos capitais asegurados que se establezan regulamentariamente.
- Realizar a súa actividade nas debidas condicións de seguridade e hixiene en función da natureza e características de aquela.
- Obter o respecto e recoñecemento polo valor social da súa contribución.


Deberes:

- Non dificultar, por obra ou por omisión, o traballo do persoal do centro e procurar dentro do posible non entorpecer as labores principais que son as da limpeza, coidado e alimentación dos animais. Aceptando á súa vez as restricións que estas prioridades poidan supor para a realización doutras actividades como son



o paseo dos animais, a visita de posibles adoptantes, visita dos padriños, colaboradores, etc.

- Tratar sen discriminación, respectando a súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas do resto dos voluntarios, empregados, colaboradores, visitantes e Entidades que interveñen do Refuxio.
- Respectar a Fundación sen utilizala en beneficio propio.
- Non difamar nin facer comentarios falsos sobre a Fundación, persoal, voluntarios, colaboradores, visitantes e Entidades que interveñen no Refuxio.
- Manter a confidencialidade e discreción.
- Facer un uso responsable dos bens materiais que a Fundación poña á súa disposición.
- Interromper a colaboración cando a Fundación xustificadamente o solicite.
- Comprometerse de xeito libre e responsable, cumprindo os compromisos adquiridos e realizando con seriedade as tarefas encomendadas.
- Participar nas reunións do voluntariado que solicite a Dirección da Fundación ou que se convoquen por parte do propio voluntariado, que se farán con antelación suficiente e en horario que permitan a asistencia de todo o voluntariado. As conclusións das reunións expóranse nun taboleiro para poñelas en coñecemento de todos.
- Informarse antes de comprometerse sobre as tarefas e responsabilidades que se asumirán e considerar se dispón de tempo e enerxías suficientes.
- En caso de renuncia, comunicala con antelación suficiente para evitar prexuízos aos animais, aos compañeiros e á Fundación.
- Se un voluntario deixa de asistir polo menos durante un mes, sen unha causa xustificada e sen comunicalo previamente á Dirección por medio escrito, deixará de ser voluntario da Fundación de forma automática. Para volver a colaborar terá que volver a acudir a unha reunión para novos voluntarios.
- Manter unha actitude aberta e cooperante cara ás indicacións da Fundación.
- A web do Refuxio así como o Facebook será levado desde o Centro, podendo contar coa colaboración de voluntarios para poder completalos e poñer datos para mellorar a difusión dos animais, sempre que a Dirección así o solicite.



PROTOCOLO DOS VOLUNTARIOS DA FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS

A Fundación Refugio de Animais de Santiago é unha organización na que o seu principal obxectivo é acadar o benestar animal.

Abrimos cara ao público, polo que temos que dar unha imaxe de orde, hixiene e coordinación, e é por isto que todas as actividades e actuacións que se realicen no Centro, tanto polo persoal contratado como polos voluntarios e colaboradores, teñen que telo moi en conta.

Para acadalo, debido ao inmenso traballo, pouco persoal contratado e o elevado número de persoas que visitan a diario o Refugio, é necesario establecer unhas normas baseadas na experiencia que os anos proporcionan, para evitar erros e mellorar o funcionamento do Centro.


O Centro agradece a gran axuda que aportan os voluntarios e colaboradores, a súa labor é impagable e mellora a estancia e calidade de vida dos animais que residen no centro e colaborando na súa adopción, así como a aportación de ideas e suxestións.

Calquera sinalamento que se fagaserá para un mellor funcionamento e evitar as situacións que poidan levar á lesión de persoas e animais, deterioro de material, perda de tempo, etc., xamais para ofender a ningún.

REQUISITOS PARA SER VOLUNTARIO DA FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS DE SANTIAGO


Para ser voluntario é imprescindible:

- Ser maior de idade e cubrir a solicitude de voluntariado, no Centro ou a través do formulario que aparece na páxina web, sempre aportando unha foto carné.
- Non ter ningunha enfermidade (física ou psíquica) ou alerxia que desaconselle o traballo con animais.
- Asistir á reunión de iniciación antes de comezar a propia actividade de voluntariado. As reunións faranse periodicamente ao longo do ano e as datas de convocatoria iranse publicando na páxina de Facebook oficial do Refugio e na web, na sección de VOLUNTARIADO. Nesta sección tamén se publicarán as actividades



realizadas ou proxectadas polo voluntariado e todo o que e/ou a Dirección estime que sexa de interese público ou que poida favorecer á Fundación.

- Ter ao día a vacinación contra o tétanos.
- Regularidade na asistencia, polo menos un día á semana. Se non se pode garantir unha periodicidade, hai outras maneiras de colaborar de xeito puntual: participación en actividades, casas de acollida, apadriñamentos, etc., sempre asumindo as indicacións da Fundación. Se non se pode acudir unha vez á semana ao Centro adquirese a categoría de colaborador. Se en momentos puntuais debido a traballo, enfermidade, vacacións, etc., non se pode acudir con esta regularidade, avisarase ao VR para que teña presente esta situación temporal. A Dirección do Refuxio establecerá aquelas ferramentas que considere axeitadas para constatar a asistencia.
- Cumprir coas indicacións do voluntario responsable, que é o encargado de organizar as actividades na súa quenda (en ocasións a Dirección indicará algunha tarefa necesaria para o benestar animal), así como as normas que existen no Centro.
- Acudirase ao Refuxio sempre e cando estea un voluntario responsable, e non se virá sen quedar previamente un VR e sen que estea el, para isto confirmarse sempre hora de chegada.
- Se non se pode vir comunicarse ao voluntario responsable.
- Antes de marchar, terase que anotar na folla diaria do voluntariado o nome e apelidos, sinatura, hora de chegada e saída.
- Deixar todo limpo e ordenado.
- Recoméndase non deixar roupa e calzado de cada voluntario no Centro. En caso de resultar inevitable facelo na zona habilitada para o voluntariado na antiga corentena.
- Comunicarse ao VR calquera anomalía que atope: animais enfermos, feridos, pelexas, etc., así como calquera suxestión.
- Se se deixa de ser voluntario comunicarse ao VR e Dirección do Centro. Pode ser mediante escrito ou correo electrónico.
- O incumprimento reiterado das normas do Centro supón a perda do posto de voluntario.




- Se os VR aprecian algunha conduta inapropiada dalgún voluntario terán que comunicalo á coordinadora de voluntarios e esta á Dirección. O Centro en derradeiro termo decidirá a continuación no cargo de voluntario.

VOLUNTARIOS RESPONSABLES:

Será voluntario responsable aquel que logo de ser voluntario durante dous anos, cumprindo as normas e colaborando cos compañeiros, conte co apoio dos outros VR, dos traballadores do centro e Dirección. Só en casos excepcionais se poderá elixir un novo VR que non cumpra o requisito dos dous anos, sempre e cando así o estimen oportuno e necesario a Dirección e o resto de VR, tendo en conta as súas aptitudes.

ACTIVIDADES DO VOLUNTARIADO:


- Paseo dos animais seguindo as normas para evitar accidentes. Os paseos realizaranse polas tardes, xa que nese horario o Refuxio está pechado ao público e os pavillóns están xa limpos e as comidas dadas. O horario para sacar será entre as 16:00 e 20:30. En verán será posible saír unha hora máis tarde para evitar as horas de calor.
- En horario de mañá poderán subir os voluntarios as fins de semana para axudar cos padriños ou na atención de posibles adoptantes sempre que sexa requirida a súa axuda polos traballadores. Entre semana poderase subir só para lavar cans que se vaian ao estranxeiro, cortar/rapar os cans que o precisen. Sempre sen entorpecer nestas actividades o traballo do persoal laboral.
- Cepillado e baño dos animais cando sexa necesario.
- Propostas de proxectos con posible participación na planificación e desenvolvemento dos mesmos, sempre que sexan postos en coñecemento previamente á Dirección da Fundación e contar coa aprobación e supervisión desta, antes e durante a realización da actividade.
- Fase inicial de contacto cos posibles socios colaboradores, patrocinadores ou doadores, para unha seguinte cita coa Dirección na que poderá asistir o voluntario.
- Preseguimento e seguimento de animais adoptados seguindo indicacións do centro no caso de que se realicen.



- Atención ao público cando sexa necesario, limitándose ás partes que non deban realizarse por persoal específico do centro e previa instrución e autorización por parte do persoal do Centro.
- En gateiras poderanse cambiar as mantas e socializar os gatos sempre que un VR explique as normas básicas para estar neste pavillón e os voluntarios sigan as normas para evitar problemas de contaxios de animais enfermos, mestura de gatos de distintas gaiolas, etc.
- Poñer lavadora e secadora e ordenar as mantas e toallas no seu sitio.
- Acoller amadas de gatos (o veterinario indicará como se coidan debido á fragilidade destes animais); acollida de animais con enfermidades diagnosticadas polo veterinario e que precisen dun coidado máis exhaustivo do que se lle pode dar no Centro.
- Axudar na recollida e transporte de labra de papel, xornais, penso, etc., nas empresas e institucións que colaboran co Centro doando distinto material.
- Realizar saídas, mercadiños, etc., para dar a coñecer a Fundación Refugio de Animais de Santiago, promocionando adopcións, apadriñamentos, conseguindo doazóns, e dando a coñecer os animais que alí agardan ter unha oportunidade nunha casa.
- Participar en charlas informativas nos colexios ou distintas institucións nas que se poidan realizar, tendo sempre en conta as indicacións do centro.
- Outros proxectos que se poidan realizar tendo a autorización da Dirección.

INFRACCIÓNS DO VOLUNTARIADO:

Aínda que se confía, valora e agradece a colaboración do voluntariado, en base a experiencias vividas no Centro con anterioridade, faise imprescindible para evitar problemas en detrimento da Fundación, animais e persoas que participan nas actividades que se realizan no Refugio, establecer unha clasificación de infraccións do voluntariado.



FALTAS LEVES:


- Deixar, de xeito reiterado, o material empregado sen recoller despois do seu uso.
- Non coidar o material da instalacións ou empregalo inapropiadamente.
- Non deixar limpas e ordenadas, de xeito reiterado, as zonas de uso público unha vez rematada a actividade.
- Fumar dentro do recinto.
- Entorpecer, de xeito reiterado, o traballo do persoal laboral do Centro.
- Informar, de xeito reiterado, erroneamente sobre as condicións para adopcións, o voluntariado e as actividades do Centro, sempre e cando sexa por descoído e desinterese por parte do voluntariado e non por unha mera cuestión de descoñecemento. Neste aso, o Centro ten a obriga de poñer en coñecemento do voluntariado todas aquelas modificacións e novidades que precisen coñecer para desenvolver as actividades.

FALTAS GRAVES:

- Acumular dúas ou máis faltas leves.
- Non cesar nunha acción que poida supoñer un risco para os animais ou persoal voluntariado e laboral do Centro, así como para os visitantes deste.
- Consumir alcohol no recinto do Centro.
- Omisión na notificación dunha situación con respecto aos animais que poida provocar un dano grave para eles.
- Faltas de respecto, ataques directos á profesionalidade do persoal do centro ou dos voluntarios, difamación, ataques físicos, danos morais ao persoal, ao voluntariado ou a membros do Padroado, acusacións infundadas e sen probas, cando estas situacións se produzan de xeito illado.

FALTAS MOI GRAVES:

- Acumular dúas ou máis faltas graves.




- Non atender unha orde directa de Dirección en relación co funcionamento do Centro e que poida supoñer un prexuízo grave ou moi grave ao Centro.
- Non atender as instrucións veterinarias.
- Difundir vídeos ou fotos de animais ou zonas do Centro sen a previa autorización veterinaria ou de Dirección.
- Acceder a estancias non permitidas ao voluntariado e/ou utilizar material que non sexa para uso do voluntariado, agás que sexa baixo petición expresa á Dirección ou ben do persoal traballador do Centro por causas de forza maior.
- Realizar unha acción con resultado de morte dun animal por imprudencia ou desobediencia da normativa específica.
- Consumo de drogas dentro do recinto do Centro.
- Faltas de respecto, ataques directos á profesionalidade do persoal do centro ou dos voluntarios, difamación, ataques físicos, danos morais ao persoal ou ao voluntariado, acusacións infundadas e sen probas, cando estas situacións se produzan de forma repetida.
- Subtraer calquera tipo de material ou diñeiro do Centro ou das persoas que acudas a el: público, voluntarios, persoal laboral, etc.

Unha falta moi grave pode derivar nunha expulsión directa do voluntario infractor.

INFRACCIÓNS SOBRE O COIDADO DO MATERIAL


- O material utilizado deixarase, ao finalizar a actividade diaria, recollido e limpo no seu sitio.
- As correas deixaranse colocadas no seu sitio (colgadoiros exteriores, módulos, etc., de onde se colleron).
- Nunca deixar correas en cadeiras, mesas, chan, bancos, etc.



- Se se collen peites, logo da súa utilización deixaranse no seu sitio limpos e sen pelos.
- Non deixar lixo, papeis, bolsas, botellas, etc., enriba de mesas, aseos, parques, senón sempre dentro dos caldeiros do lixo.
- Se se lavan animais, logo de rematar deixaranse as bañeiras limpas, recollendo os xabóns usados e mailas toallas. Estas últimas depositaranse nos caldeiros de roupa sucia.

MANEXO DE ANIMAIIS

- Ter sempre en conta as notas que hai en caniles ou no libro de voluntarios.
- Procurarase peitear os animais sempre que se saquen, así estarán máis cómodos e limpos, evítanse con isto problemas de pelaxe e enfermidades, e terán máis posibilidades de adopción e menos necesidade de se raparen completamente.
- Non pasear os animais cando faga demasiado calor, en especial animais vellos nas horas de máis calor, e poráselles sempre a todos auga e en lugares onde teñan algunha sombra. En caso de moito calor mollaranse antes de sacar, así eliminarase a sucidade e refrescaranse.
- Non pasear os animais cando chova, pois fican mollados e húmidos e poden enfermarse. En caso de que saian e se mollen, pódense secar con toallas ou secador antes de devolvelos ao seu canil. Nos días moi chuviosos aproveitarase para lavar cans, cepillalos, sociabilización, etc.
- Calquera información de importancia tense que compartir: animais incompatibles, animais que saltan os peches, os que boten a boca, etc.
- Evítase toda causa de conflito: prestar demasiada atención a algúns, dar lambonadas, xoguetes ou comida. Evitar dentro do posible berrar, asubiar ou alterar de calquera xeito os animais, xa que pode dar lugar a pelexas.
- Nunca deixar animais soltos sen vixilancia porque poden escapar, pelexar, etc.
- Non xuntar animais de distintas gaiolas, pois pode haber pelexas, cadelas en celo, contaxios, etc.
- Apuntar número de animais que saen a pasear dunha gaiola e asegurarse que retornan todos cando se recollen.



HOSPITALIZACIÓN:

NON se pode entrar nas zonas destinadas a hospitalización, a non ser que se autorice polo persoal ou veterinario do Centro.


CORENTENA:

- Non sacar os animais que teñan cartel vermello onde se indique que é perigoso, que está enfermo, etc.
- Se se usa algunha gaiola para meter momentaneamente algún animal, haberá que deixala limpa e seca posteriormente.
- Non xuntar animais de distintas gaiolas.

RECINTO EXTERIOR E RECEPCIÓN

- Non se sacarán animais ao recinto exterior da zona da entrada. Se por algunha razón se fixese, teñen que limparse todas as defecacións, deixar limpa a zona da entrada e porta de cristal da porta, e ningunha cousa polo medio: correas, xoguets, caldeiros, pelos...
- Calquera cousa que se sacase ao recinto exterior (mangueiras, comedeiros, bebedeiros, etc.) recolleranse, limparanse e poranse no seu sitio.
- Non se poden sacar animais polo vestíbulo nin deixalos nel. Se por algún motivo hai que pasar cos animais por alí e se mancha, limparase.
- Non se poden sacar animais polo corredor. Se por algún motivo hai que telos alí, fregarase antes de marchar.
- Recoller as defecacións dos paseos. Para iso pódese usar o recolledor e vasoira de voluntarios, non os dos cuidadores (se se usan os do persoal laboral, a continuación haberá que deixalos limpos e no sitio onde se colleu).

AO REMATAR AS ACTIVIDADES HABERÁ QUE:



- Deixar o caldeiro da vasoira pechado e en zona de corredoiira central. Se está cheo, pechar a bolsa e tirala no colector que está a carón do parque, nunca nos caldeiros de lixo.
- Deixar as portas pechadas de pavillóns, apagar as luces, comprobar que queda todo pechado e poñer as chaves no seu lugar.


PROTOCOLO EN CASO DE PELEXAS

O máis importante é evitalas: non prestar demasiada atención a ningún, non dar lambonadas, non berrar, etc. Pero en caso de que se produza algunha pelexa:

- Pedir axuda, non intentar separalos sós.
- Non berrar.
- Non meter as mans na boca ou pescozodo can, ou interpoñer as pernas entre os cans implicados.
- Coller a base do rabo e tirar pouco a pouco cara atrás, sen berrar, intentando tranquilizar o animal.
- En caso de que nese momento só haxa unha persoa, tirar sempre do rabo do animal máis agresivo intentando separalo e meténdoo dentro dun pavillón ou gaiola.
- Se está ferido, baixar o animal a unha gaiola e chamar ao coidador ou veterinario, se o hai nese momento no centro. Se non hai ningún, deixar nota na folla diaria de voluntarios para que se revise e trate ao día seguinte. En caso de estado moi grave do animal o VR deberá actuar segundo as indicacións de chamar aos servizos veterinarios cos que se colabora.
- Cando se escoite unha pelexa hai que buscar primeiro cal é a gaiola na que está pasando e ver quen se pelexa. Non berrar para non alteralos máis.

Se hai pelexas dentro dunha gaiola:

- Abrir a porta da gaiola para que saian os cans que non participan na pelexa (posto que poden intervir).



- Os animais que se saquen deixaranse no outro lado do corredor coa porta medianeira pechada e comprobando previamente que as portas exteriores están ben pechadas.
- Collendo pola base do rabo, sen berrar, separaranse tirando cara atrás e pechando a porta.
- Pódese recorrer a auga cando os animais non se soltan.

Se hai pelexas dentro dun parque:

- Meter os cans que estean ceibos pola zona común para evitar máis pelexas se escapa algún.
- Abrir a porta do parque para que saian os cans que non interveñan.
- Proceder logo separando os cans pola base do rabo (se o can non ten rabo tirarase das patas traseiras, nunca de ningunha outra parte do corpo).

PROTOCOLO DE ACTUACIÓNS EN CASO DE CATÁSTROFE

A) En caso de lesións de voluntarios:

- Encher parte de accidentes que está no taboleiro de voluntarios ou dentro dacaixa de urxencias.
- Ir ao Policlínico La Rosaleda.

B) En caso de estar un animal moi malferido avisarase ao VR que:

- Falará co coidador ou veterinario, se nese momento se encontran no Centro, senón chamará á clínica veterinaria colaboradora. O seu teléfono está na folla que hai na porta de consulta.

Grazas pola vosa colaboración.